

Comprométome a facer da marca Poio Confía un referente para os negocios instalados no concello, servindo como garantía dunha xestión acorde ás necesidades da nova normalidade:



Medidas

Adoptaremos as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos, tanto de exposición como de propagación do COVID-19.



Aforo

Respectaremos as medidas de aforo, entrada e saída nos nosos establecementos para evitar aglomeracións e respectar a distancia de seguridade interpersonal.



Coordinación

Coordinaremos cos nosos provedores e demais empresas que poidan acceder o noso local as accións para cumprir con todas as obrigas de seguridade e distanciamento.



Persoal

No caso de contar con empregados/as, seguiremos as recomendacións do noso servizo de prevención de riscos, trasladándolles a formación e información necesaria.

Apoio

Apoiaremos aos demais negocios e establecementos do municipio para intercambiar coñecementos e experiencias e deste xeito contribuír á creación dunha rede sólida para afrontar esta nova realidade.

Información

Informaremos de forma axeitada á nosa clientela ou persoas usuarias de todas as medidas implantadas para manter a seguridade e poñeremos a súa disposición solucións hidroalcohólicas.

Limpeza

Implantaremos un plan de limpeza e desinfección acorde co noso establecemento, local ou instalación



Teletraballo

Fomentaremos o uso do teletraballo cando pola natureza da actividade laboral sexa posible.

Confianza

Crearemos un espazo de confianza e seguridade para que todas as persoas poidan desfrutar dos nosos produtos e servizos.



Colaboración

Colaboraremos coas Administracións Públicas para cumprir cos requirimentos no ámbito da situación de Nova Normalidade.

Sinatura e Data: